

Acta da reunión da Comisión Delegada da Federación Galega de Tenis, celebrada telemáticamente o martes, 22 de abril de 2025, as 20.30 horas en primeira convocatoria e 21 horas en segunda coa asistencia dos señores que o marxe se citan.

Presidente: José Mosquera Casero
D. Gabriel Fernández Mourelle – CD Empresariais Ourense
D. Juan José Medín Guyatt -Sporting Club Casino Coruña
D. Francisco Hernández Soto- CC Dtivo. De Sanxenxo
D. Manuel A. Martínez Baz- Club Fluvial de Lugo
D. Jaime Barba García Borregón- Club de Tenis Pontevedra
D. Fernando Placer Manzanaro - deportista
D. Fernando Rodríguez Ferreiro - árbitros
D. Marco A. Casal Costas -asistencia a Presidencia
D^a M^a Jesús Fernández García- como Secretaría da reunión.

Acta de sesión: É aberta polo presidente, que agradece a súa conexión aos membros desta Comisión.
Pasa ao punto 1 da Orde do Día:

- 1. Aprobación do acta da reunión anterior.**
Sométese a votación e é aprobada por unanimidade.
- 2. Aprobación dos Estatutos da Federación adaptado e corrixidos segundo o requirimento achegado pola Secretaría Xeral para O Deporte da Xunta de Galicia.**

O Presidente informa os asistentes o requirimento que fixo chegar a Secretaría Xeral para Ou Deporte á Federación Galega de Tenis en relación ao envío que se fixo das modificacións dos Estatutos da Federación Galega de Tenis aprobadas na reunión de Asemblea Xeral celebrada en Santiago de Compostela no mes de febreiro.

No requirimento recibido especifícanse os cambios que deben ser corrixidos, xa sexa por unha mala correlación entre artigos ou porque fan unha mala referencia á Lei do Deporte de Galicia en vigor.

Doutra banda, indicánnos que se deben corrixir expresións gramaticais e de normativas lingüísticas que xa non están en uso neste momento.

Desta maneira, apróbanse as modificacións dos Estatutos que se presentan e que foron enviados de forma anticipada aos membros desta Comisión Delegada de acordo co requirimento recibido.

3. Aprobación dos Regulamentos dos Comités de Competición e Técnico da Federación Galega de Tenis.

O Presidente informa que debido aos últimos procesos disciplinarios derivados de varias denuncias relacionadas coa competición e con motivo de esclarecer a forma de traballar dos comités de competición e técnico é polo que se presentan os procedementos de actuación destes dous comités, que quedan redactados como seguen:

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO COMITÉ DE COMPETICIÓN

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular a organización, competencias e funcionamento do Comité de Competición da Federación de Tenis, en cumprimento das normas establecidas nos estatutos e regulamentos xerais da Federación.

Artigo 2. Ámbito de Aplicación

Este regulamento aplícase a todas as competicións organizadas ou avaladas pola Federación de Tenis.

Artigo 3. Composición do Comité

O Comité de Competición será designado pola Xunta Directiva da Federación, garantindo imparcialidade e coñecemento técnico na materia.

Artigo 4. Funcións

O Comité de Competición terá as seguintes funcións:

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767

1. Resolver incidencias e controversias xurdidas durante as competicións.
2. Aplicar as sancións disciplinarias correspondentes.
3. Interpretar e aplicar o regulamento de competición.
4. Resolver apelacións de xogadores, clubs e adestradores.
5. Propoñer melloras na normativa de competición.

CAPÍTULO II: PROCEDEMENTO DISCIPLINARIO

Artigo 5. Infraccións e Sancións.

As infraccións están recollidas nos estatutos da Federación Galega de Tenis e no regulamento básico de competición.

Artigo 6. Procedemento

Artigo 6.1 Procedemento abreviado:

1. Recepción da consulta a través de correo electrónico.
2. Resolución do comité de competición, tras deliberación por algún dos medios dispoñibles:
 1. Grupo de Whatsapp.
 2. Reunión En liña.
 3. Reunión Presencial.
 4. Chamada grupal.
3. Comunicación a través do correo electrónico comite.competición@fgtenis.net (este correo serve como acta de resolución do asunto).

Artigo 6.2 Procedemento xeral.

1. Recepción da denuncia ou informe do oficial do torneo.
2. Apertura de expediente e comunicación ás partes implicadas.
3. Presentación de alegacións nun prazo de 15 días.
4. Resolución motivada do Comité nun prazo de 15 días.
 1. Estas deliberacións de realizarán por algún dos medios dispoñibles:
 1. Grupo de Whatsapp.
 2. Reunión En liña.
 3. Reunión Presencial.
 4. Chamada grupal.
5. Notificación e posibilidade de apelación ante o órgano superior no prazo de 10 días.

Artigo 7. Recursos e Apelacións

Contra as decisións do Comité de Competición poderá interpoñerse recurso #ante o Comité de Apelación da Federación, dentro do prazo estipulado no regulamento disciplinario.

CAPÍTULO III: DISPOSICIÓNS FINAIS

Artigo 8. Modificación do Regulamento

Calquera modificación deste regulamento deberá ser aprobada pola Xunta Directiva da Federación, previo informe do Comité de Competición e aprobación da comisión delegada.

Artigo 9. Entrada en Vigor

Este regulamento entrará en vigor a partir da data da súa aprobación pola comisión delegada.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO COMITÉ TÉCNICO

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto regular a organización, competencias e funcionamento do Comité técnico da Federación de Tenis, en cumprimento das normas establecidas nos estatutos e regulamentos xerais da Federación.

Artigo 2. Composición do Comité

O Comité de Competición será designado pola Xunta Directiva da Federación, garantindo imparcialidade e coñecemento técnico na materia.

Artigo 3. Funcións

O Comité técnico terá as seguintes funcións:

1. Selección de xogadores: Propón ou decide sobre as convocatorias para representar á federación en torneos oficiais.
2. Selección de capitáns: Propón ou decide sobre as convocatorias para representar á federación en torneos oficiais.
3. Formación e desenvolvemento: Coordina programas de tecnificación para xogadores.
4. Avaliación e seguimento: Controla o nivel técnico dos xogadores.
5. Asesoramento: Achega recomendacións técnicas á directiva da federación para a toma de decisións.
6. Promoción do tenis: Impulsa iniciativas para aumentar a participación no tenis e mellorar a súa imaxe e proxección.

CAPÍTULO II: PROCEDEMENTO DE TRABALLO

Artigo 4. Procedemento consultivo

1. Recepción da consulta a través de correo electrónico.
2. Resolución do comité de técnico, tras deliberación por algún dos medios dispoñibles:

www.fgtenis.net e-mail: info@fgtenis.net Teléfono 986 212 982 Fax 986 207 399

Registro de Asociaciones Deportivas y de Deportistas de Galicia con Núm. F-00480 CIF-G15102767

1. Grupo de Whatsapp.
2. Reunión En liña.
3. Reunión Presencial.
4. Chamada grupal.

3. Comunicación a través do correo electrónico info@fgtenis.net (este correo serve como acta de resolución do asunto).

Artigo 5. Procedemento ordinario

1. Apertura dun asunto (selección xogadores, axudas a xogadores etc.)/ etc.)
2. Resolución do comité de técnico, tras deliberación por algún dos medios dispoñibles:
 1. Grupo de Whatsapp.
 2. Reunión En liña.
 3. Reunión Presencial.
 4. Chamada grupal.

3. Comunicación a través do correo electrónico info@fgtenis.net (este correo serve como acta de resolución do asunto).

CAPÍTULO III: DISPOSICIÓN FINAIS

Artigo 6. Modificación do Regulamento

Calquera modificación deste regulamento deberá ser aprobada pola Xunta Directiva da Federación, previo informe do Comité técnico e aprobación da comisión delegada. **Artigo 7. Entrada en Vigor**

Este regulamento entrará en vigor a partir da data da súa aprobación pola comisión delegada.

4. Aprobación do protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA) fronte a violencia no deporte.

Este protocolo foi aprobado polo Observatorio da Familia e da Infancia da Xunta de Galicia, a proposta da Secretaría Xeral para o Deporte, o 14 de maio de 2024, conforme ao disposto na L.O. 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia e demais normativa de aplicación.

O protocolo se elabora con base ao mandato establecido na Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de Protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPVI) que dispón, no seu artigo 47, a obriga das Administracións Públicas de regular, no ámbito das súas competencias, protocolos de actuación que recollan as accións necesarias para construír unha contorna segura no ámbito deportivo, co obxectivo de prever, detectar e intervir fronte a posibles situacións de violencia sobre os NNA que participan naquelas actividades. Neste marco, se elabora este protocolo co propósito de dar efectiva protección e atención aos NNA que participan nas actividades deportivas que se organizan e promoven dende a entidade que asina este protocolo e que poidan atoparse ante unha situación de violencia, física o psíquica. Son estas as razóns polas que o presente Protocolo se elabora sobre os seguintes piares fundamentais:

1. Protexer aos NNA fronte a todo tipo de violencia.
2. Favorecer e fomentar os mecanismos de detección de situación de violencia en NNA.

De acordo ao anteriormente descrito e antes de subilo por rexistro a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Tennis debe aprobar o protocolo achegado aos membros desta Xunta Directiva e designar a persoa delegada, neste caso na persoa de Marco A Casal Costas, por haber xa realizado a formación presencial no 2024 convocada pola Secretaría Xeral para O Deporte.

Este protocolo de protección dos nenos, nenas e adolescentes (NNA) fronte a violencia no deporte é aprobado por unanimidade por esta Comisión Delegada.

5. Informes do Presidente

O Presidente informa sobre a presentación dun libro de Pancho Campo, que trata sobre o medo e que se levará a cabo os días 13 e 14 de maio, no Liceo de Ourense e no Casino Sporting Coruña respectivamente.

Doutra banda, comenta tamén sobre o circuío de torneos nacionais que se celebrarán en Galicia, 1 por provincia, no Fluvial de Lugo, no Club de Tennis Codesal en Pontevedra, no Casino Sporting Coruña e en Ourense celebrárase no Club Santo Domingo e Padel Prix.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO

Confirmarase en breve o importe específico de axudas por parte da Secretaría Xeral, da RFET e da Deputación de Ourense no torneo de Ourense.

Estes torneos son clasificatorios para o acceso ao Campionato de España Absoluto.

Gabriel Fernández quere deixar constancia de que estes torneos a nivel arbitral no referente ao disciplinario dependerán do Xuíz Único da RFET.

6. Rogos e pregunta

Que non hai, polo que sendo as 21:42 horas dáse por pechada a sesión, da que se redacta presenta a acta, que asino como secretaria da mesma, co VºBº do Sr. Presidente